

# Un seminario percorrerá os espazos da guerrilla antifranquista en Terras

O foro da Memoria, que organizan os IES de Melide e Rianxo, chegará a 6 concellos

**Santiago.** O IV Seminario sobre a Memoria, que se celebra baixo o título *Da loita pola terra á loita pola democracia, do agrarismo á guerrilla antifranquista*, percorrera os espazos nos que tivo actividade a guerrilla antifranquista nos arredores de Santiago. En concreto, achegárase aos concellos de Melide, Rianxo, Boqueixón, Silleda, Ordes e Frades, os próximos 24, 25 e 26 de maio. Francisco Martínez Quico, un dos últimos guerrilleiros, será o gran invitado.

Organizado polos departamentos de Ciencias Sociais dos IES Félix Muriel de Rianxo e Melide, e polo Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega coa colaboración do Instituto Galego de Historia, o seminario abordará

a intensa actividade guerrilleira que houbo arredor do Santiago, no Deza e na comarca de Ordes, con figuras tan emblemáticas da loita antifranquista como Manuel Ponte, *O Brasileiro*, ou o mítico Foucellas.

A actividade central consistirá no percorrido por algúns dos espazos onde a guerrilla foi especialmente activa, pero inclúense tamén o visionado de películas e documentais, así como un total de catro conferencias plenarias.

Francisco Martínez, Quico, guerrilleiro que formou parte da partida do mítico Girón, acompañará outros coñecidos especialistas na Memoria nun percorrido que durará dous días e medio. No seminario intervirán especialistas como Xaquín Yebra, Aurora Marco, Bernardo Maiz, Anxo Collarte e Manuel Pazos.

Na páxina oficial de Nova Escola Galega pode consultarse o programa. As prazas son limitadas. SOL ELVIRA



Parte do cartel anunciador do seminario. Foto: N.E.G.